

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE RELIGIOSOS DE ENSEÑANZA-CENTROS CATÓLICOS (FEREGA-CECA) PARA REALIZAR ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dona Juana Otero Torres, secretaria autonómica da Federación Española de Religiosos do Ensino de Galicia-Centros Católicos, que actúa en nome e representación da Federación Española de Religiosos de Enseñanza-Centros Católicos, con CIF R-2800244B, en virtude do poder outorgado perante o notario de Madrid, don Juan Aznar de La Haza, o día 9 de outubro de 2018 e número de protocolo 3545.

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, así como o Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por



unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004 coa finalidade de estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

2. Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

3. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este efecto e, para poder actuar en todos os ámbitos sociais ten que colaborar, na medida do posible, coas institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia.

4. Que a Federación Española de Religiosos de Enseñanza-Centros Católicos é un organismo de dereito pontificio con personalidade xurídica propia. Está integrado polos superiores maiores dos institutos relixiosos e das sociedades de Vida Apostólica e por representantes doutras entidades. Dedícanse ao ensino e á educación católica en calquera das súas formas e supoñen un total de 2.000 centros no ámbito nacional. En Galicia, está representada pola Federación Española de Religiosos do Ensino de Galicia-Centros Católicos (en diante, Ferega-Ceca), da que forman parte a práctica totalidade dos centros de ensino católicos da Comunidade Autónoma galega.

5. Que entre os fins e obxectivos desta entidade hai que destacar os de lles proporcionar aos seus membros, profesorado e outro persoal dos centros integrados



os medios necesarios para o seu perfeccionamento técnico e pedagóxico; potenciar a calidade da ensinanza nos centros docentes e a participación da comunidade educativa; favorecer o estudo en común dos problemas pastorais no ámbito da educación e informar e asistir e asesorar os centros de ensinanza e os institutos pertencentes á devandita entidade.

6. Que a Ferega-Ceca, consciente da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as institucións galegas, elaborou un novo Plan de dinamización lingüística referido aos centros nela integrados que, logo de aprobarse en Asemblea Xeral, se puxo en marcha no ano 2012 e ao que se lle dará continuidade no presente exercicio 2022.

7. Que esta federación é a única entidade que aglutina en Galicia a maioría dos centros católicos que se dedican á educación; na actualidade, ten uns 120 centros asociados e nas súas aulas estudan máis de 62.000 alumnos e alumnas. Ademais, ten en marcha un proxecto innovador e propio en materia lingüística no ámbito educativo, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

8. Que ambas as entidades consideran esencial implantar o novo Plan de dinamización nos centros educativos asociados a Ferega-Ceca e manifestan a súa vontade de continuar colaborando no seu desenvolvemento para conseguir o obxectivo común de que o galego sexa a lingua operativa en todos os ámbitos da sociedade e, especialmente, no do ensino.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Ferega-Ceca, para prestixiar e promover a



estima do galego como feito diferencial da nosa terra e, ao mesmo tempo, promover o seu uso entre o persoal dos centros, docentes e alumnado.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións para continuar coa implantación do Plan de dinamización lingüística que aprobou a dita entidade en Asemblea Xeral no ano 2012 nos seus centros asociados.

A implantación do citado plan ten por finalidade promover o uso do galego no ámbito administrativo, docente, na actividade pastoral, nas relacións interpersoais en todos os centros dependentes de Ferega-Ceca e no funcionamento desta entidade no eido autonómico.

Segunda.- Obrigas de Ferega-Ceca

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, mediante a sinatura deste convenio Ferega-Ceca comprométese a continuar co desenvolvemento do Plan de dinamización lingüística que esta entidade aprobou no ano 2012, para o que realizará durante o 2022 as seguintes accións que se desenvolverán en lingua galega:

ADMINISTRACIÓN

A) Distribución, vía correo electrónico, de modelos de documentos para a Administración.

Elaborarán e distribuirán entre os centros, mediante correo electrónico, modelos de documentos habituais na Administracións dos centros (circulares internas, circulares para os pais, boletíns de notas...).

B) Servizo de información aos directores dos centros.

Distribuirán ás direccións dos diferentes centros, mediante correo electrónico, información referida á normalización lingüística, facendo especial fincapé nas obrigas dos centros para coa lingua (marco legal, situación dentro do PE...)

Este servizo de información ponse tamén á disposición dos centros para a solución de todas as dúbidas que se lles poidan presentar.



PASTORAL E EDUCACIÓN RELIXIOSA.

A) Distribución do servizo litúrxico *Remol*.

Continuarán distribuíndo a todos os centros o servizo litúrxico *Remol*. Ten a importancia de ser o único servizo de comentario sobre as lecturas da misa que existe en galego.

B) Distribución de material de pastoral en galego.

Seguirán coa distribución aos equipos de pastoral dos centros de material en galego que lles poida resultar de utilidade na súa práctica diaria como poden ser: oracións e presentacións para traballar as diferentes festas do ano, obras de teatro ou partituras de panxoliñas para o Nadal, lecturas para as celebracións litúrxicas e outro material didáctico que nos demanden os centros. Tamén se enviarán aos centros presentacións relacionadas coa pastoral, traducindo ao galego as xa existentes e creando outras novas. Buscarase que cada unha delas se poida utilizar en diferentes unidades didácticas.

C) Celebración de diferentes festividades: o Día das Misións - DOMUND, o Día Mundial da Paz, festival de Panxoliñas.

En diferentes cidades organizaranse as festividades sinaladas con diferentes actividades para os alumnos/as con cancións e oracións en lingua galega.

D) Servizo de información aos responsables de pastoral dos diferentes centros.

Facilitaráselles aos centros información de todos os temas relacionados coa pastoral en galego. Enviarase, mediante correo electrónico, información das novidades editoriais en galego que vaian aparecendo. Informarase igualmente, dos acordos aos que chegue FREGA-CECA coas distintas editoriais relixiosas. Así mesmo, realizaranse varias visitas aos centros das diferentes cidades máis representativas para dinamizar a pastoral en galego.

DOCENCIA.

A) Cursos de formación para o profesorado.



Cada ano a Comisión de Normalización Lingüística de FEREGA-CECA ofértalles aos profesores dos seus centros cursos que respondan aos seus intereses e que se van impartir integramente en galego nas diferentes zonas. Serán cursos, seminarios ou xornadas que tratarán temas como as novas tecnoloxías, recursos e actualización do galego e outros que demande os/as profesores/as dos colexios adheridos á federación

Tamén ofrecerán información a todos os centros sobre a convocatoria dos Celgas para que os profesores dos centros e os pais e nais dos alumnos que estean interesados os poidan realizar.

B) Servizo de información aos responsables de Dinamización Lingüística dos centros.

Seguirán coa distribución a todos os responsables dos Equipos de Dinamización Lingüística dos centros, mediante correo electrónico, de información referida á dinamización lingüística, facendo especial fincapé en varios aspectos, entre os que destacamos:

- dar a coñecer as obrigas dos centros para coa lingua (marco legal, situación dentro do PC...)
- distribuír información sobre as axudas institucionais e sobre as campañas de sensibilización que estas organizan
- facilitar materiais didácticos
- informarlos das novidades editoriais.

Ademais deste servizo, tamén se porá á disposición de toda a comunidade educativa e, en concreto, dos responsables dos EDLG dos centros para a solución de todas aquelas dúbidas que se lles poidan presentar.

C) Xornada de Normalización Lingüística de FEREGA-CECA.

Organizarán a XVIII edición da Xornada de Normalización Lingüística de FEREGA-CECA. Esta xornada está dirixida aos directores, aos responsables dos Equipos de Dinamización Lingüística e a todo o profesorado dos centros -tamén públicos e privados- con relatorios que versarán sobre temas actuais relacionados coa normalización e a dinamización lingüística.

D) Espazo web con enlaces e material didáctico.



Na páxina web de Escolas Católicas hai un espazo, dedicado á Normalización Lingüística no que se van incorporando enlaces de interese relacionados coa lingua galega e coa cultura galega e, ao longo do curso, iranse colgando unidades didácticas e recursos en galego que lles poidan servir aos docentes nas súas tarefas cotiás. Ademais, actualizarán e manterán un blog ao redor da lingua e da cultura galegas onde compartirán materiais e recursos varios para contribuír ao uso e fomento do galego nos colexios.

ALUMNADO.

A) Premio Frei Martín Sarmiento.

Concurso dividido en seis categorías, dirixido aos escolares dos centros de Ferega-Ceca e aos pais. Prémíase a obra seleccionada polos alumnos e polos pais e nais, despois de ler os dous títulos finalistas en cada unha das categorías, elixidos por unha comisión de profesores de diferentes centros.

A primeiros de curso envíanse aos centros varios exemplares de cada unha das obras seleccionadas, que van pasando duns alumnos a outros, para que emitan unha valoración xustificada do libro.

A primeiros de maio de 2022 organizarán a entrega da XVIII edición dos Premios Frei Martín Sarmiento e, no mes de setembro, lanzarán a convocatoria da XIX edición.

B) Festas da Lingua.

-Neste acto participa alumnado de primaria e secundaria -moitos deles tomaron parte na lectura dos libros do Premio Frei Martín Sarmiento- e para os que queiran participar nesta actividade de animación á lectura.

Durante o mes de abril ou maio celebrarase nalgunha cidade de Galicia encontros dos alumnos e profesores cos autores das obras finalistas en cada unha das categorías e entregaráselle o premio ao autor gañador de cada unha das categorías.

-Celebración do Día das Letras. Iníciase o festexo no Panteón de Galegos Ilustres, homenaxeando distintos autores das nosas letras. Posteriormente, os centros realizan un Roteiro pola cidade de Santiago



C) Edición do Concurso de Curtametraxes “Rec- Curta” e acto de entrega dos Premios.

Edición anual do Concurso Rec-curta, concurso de curtametraxes en galego, con temática de ficción, para os alumnos de ESO, Bacharelato e FP. Valorarase a orixinalidade e a corrección lingüística.

Ademais, volverán contar coa colaboración do Festival de Cans. Alumnado participante no certame, entre eles os galardoados cos premios á Mellor película, asistirán ao Festival de Cans onde gozarán dunha visita guiada e onde se proxectarán as películas gañadoras do certame nas dúas categorías.

AS FAMILIAS E AS ANPAS.

Acto de entrega do Premio da 6ª categoría para pais e nais nos premios Frei Martín Sarmiento.

No Premio Frei Martín Sarmiento hai unha convocatoria de lectura dirixida aos profesorado, aos pais e nais dos alumnos nos centros de Ferega -Ceca. Invitaranse aos adultos que participaron na lectura nun encontro no que se lle dará o premio ao autor/a gañador/a.

A Ferega-Ceca comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

Ferega-Ceca encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades que se inclúen no presente convenio, así como de facilitar o persoal, as infraestruturas e os medios de que dispón ou contratar os medios que precise para a execución das actuacións previstas no convenio.



Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos que teñan relación coas actividades do presente convenio.

Cuarta.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **10.000,00 €**, con cargo á aplicación 10.50.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Ferega-Ceca poderá percibir a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que se establece na estipulación anterior do seguinte xeito:

Mediante pagamentos parciais, na medida en que a entidade beneficiaria xustifique os gastos a conta da liquidación definitiva, ata o oitenta por cento do financiamento da achega.

O importe do vinte por cento restante aboarase unha vez rematadas as actividades previstas no convenio, en todo caso, o 15 de novembro de 2022 como data límite para presentar a súa xustificación.

Para percibir os mencionados pagamentos, Ferega-Ceca queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Para facer efectivos cada un dos pagamentos parciais, Ferega-Ceca presentará telematicamente a seguinte documentación:

Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.

- . No suposto de premios en metálico, Ferega-Ceca deberá presentar documento acreditativo asinado polo titor/a legal do menor conforme recibiu un premio en metálico, especificando nese documento a retención que corresponda polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- . No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- . Ademais disto, antes de facer efectivo o 20% do pagamento final, Ferega-Ceca presentará:
 - . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada un dos pagamentos, Ferega-Ceca presentalle a Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha



declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento final, Ferega-Ceca presentara unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, Ferega-Ceca deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, Ferega-Ceca comprométese a reintegrar as cantidades



percibidas, se as houbera, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ferega-Ceca procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Ferega-Ceca facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución do presente convenio.

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



Asi mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e do presente convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e



voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes de Ferega-Ceca, que coordinará o seu desenvolvemento. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, para o que poderá estar asistida polos técnicos necesarios.

Décimo primeira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidades das actuacións

O asinamento do presente convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Univerisdade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos



persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei e, Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.



A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir da aplicación do presente convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

A secretaria autónómica da Federación
Española de Relixiosos do Ensino
de Galicia-Centros Católicos

Juana Otero Torres

